

FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN CON ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO [2026]

Axudas para fomento do emprego en colaboración con entidades sen ánimo de lucro, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas e mulleres vítimas de violencia de xénero desempregadas, para realizar servizos de interese xeral e social

 **Prazo aberto**
do **23/07/2026**
ata o **24/08/2026**

Orzamento 2026
9.416.278,06 €



Entidades beneficiarias

- » Entidades sen ánimo de lucro que, na data de presentación da solicitude desta axuda, estean inscritas na categoría de iniciativa social do RUEPSS, nas áreas de **comunidade, dependencia, discapacidade, inclusión, maiores, familia, infancia, menores e igualdade** e:
 - A súa actividade principal **se centre en desenvolver ou fomentar accións específicas para a inserción social e laboral** das persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, servizos comunitarios, igualdade, maiores, familia, infancia, menores ou mulleres.
 - Dispoñan dun **centro de traballo en Galicia** no que se estea a **levar a cabo programas de apoio** a persoas con discapacidade, dependencia, en risco de exclusión social, servizos comunitarios, igualdade, maiores, menores, familias ou mulleres en situación de vulnerabilidade.



Intensidade da axuda

210.000 €
subvención
máxima

- » A **contía máxima da subvención** a percibir será igual ao resultado de **multiplicar o número de persoas contratadas polo importe do módulo que lle corresponda**, en función do grupo de cotización á Seguridade Social da persoa traballadora que se contrate:

Módulo	Caso xeral	Muller vítima de violencia de xénero
A Grupo de cotización 1	26.000 €	34.666,67 €
B Grupo de cotización 2	23.000 €	30.666,67 €
C Grupos de cotización 3 a 7	21.000 €	28.000,00 €
D Grupos de cotización 8 a 10	17.370 €	23.160,00 €

Adicionalmente establécese un incentivo á mobilidade xeográfica de 180 € mensuais por cada beneficiaria do programa de inserción de mulleres vítima de violencia de xénero contratada que cumpra cos requisitos.

FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN CON ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO [2026]



Límites á contratación de persoas traballadoras

- » Establécense os seguintes límites en función do número de persoas traballadoras da entidade solicitante, segundo o "Informe de plantilla media de traballadores en situación de alta", correspondente ao ano 2025.

Entidades con **100 ou máis** persoas traballadoras.

8

contratos

Entidades con **25 e ata 49** persoas traballadoras.

3

contratos

Entidades con **75 e ata 99** persoas traballadoras.

5

contratos

Entidades con **10 e ata 24** persoas traballadoras.

2

contratos

Entidades con **50 e ata 74** persoas traballadoras.

4

contratos

Entidades con **menos de 10** persoas traballadoras.

1

contrato

Adicionalmente 1 contrato máis, de existir orzamento.



Conceptos subvencionables

- » Subvenciónanse os gastos salariais e de Seguridade Social das persoas traballadoras contratadas.

Nos supostos de baixas temporais:

Con substitución: cubriranse os custos da persoa traballadora substituta.

Sen substitución: reintegraranse os gastos salariais do período de baixa.

Nos supostos de redución de xornada:

Con contratación adicional: cubriranse os custos ata completar a redución da xornada.

Sen contratación adicional: reintegraranse os gastos salariais correspondentes á redución.

- Os contratos subvencionados son **incompatibles co exercicio de funcións directivas** na entidade beneficiaria.
- Como norma xeral estes contratos **non poderán realizarse baixo a modalidade de teletraballo**. Non obstante, de existir xustificación suficiente e cando a natureza do posto o permita, **poderase autorizar excepcionalmente** a prestación en modalidade mixta (presencial e teletraballo).



Principais requisitos dos servizos a prestar

Servizos de **interese xeral e social** que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser prestados pola entidade beneficiaria **en réxime de administración directa**.
- Favorecer a **formación e as prácticas profesionais** das persoas desempregadas.
- Executarse no ámbito da **Comunidade Autónoma de Galicia**.
- Formalizar os contratos coa seguinte **duración**:

Caso xeral

9 meses con xornada a tempo completo ou 12 meses con xornada parcial do 75 %.

Muller vítima de violencia de xénero

12 meses con xornada a tempo completo, e deberá iniciarse no exercicio 2026.

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]



Máis información



012